



Concello de Xunzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de abril de 2019
Duración	Desde as 12:35 ata as 14:51 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL CABAS LOPEZ
Secretario	Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34374297S	ISIDORO SANCHEZ BLANCO	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
76715164K	LUÍS JOSÉ CARRERA ÁLVAREZ	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ

Concello de Xunzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asiste a Interventora ***dona Mónica Legaspi Díaz.***

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día 01/04/2019.

Sometida a votación ***resulta aprobada por unanimidade a acta referida.***

Expediente 6959/2018. Sorteo compoñentes Mesas Electorais para as Eleccións Municipais e ao Parlamento Europeo do 26 de maio de 2019:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde explica que se vai proceder ó sorteo público, realizado a través da aplicación específica, co obxecto de designar os Presidentes e Vogais de cada Mesa Electoral, así como a dous suplentes para cada un dos membros da Mesa para as vindeiras ***Eleccións Municipais e ao Parlamento Europeo do 26 de maio de 2019.***

Logo da determinación das persoas que concorren ao sorteo público, de conformidade con artigo 26 de LOREG, extraíense as «papeletas».

Os resultados do sorteo reflíctense no anexo rubricado polo Secretario do Concello, que procederá a notificar as designacións como Presidentes e Vogais das Mesas Electorais, aos interesados, no prazo de tres días e a comunicar o presente Acordo á Xunta Electoral de Zona.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Antes de pasar a tratar os restantes puntos da Orde do día, a Sra Secretaria expón que en data 26 de abril presentouse no Rexistro do Concello escrito asinado por todos os membros do grupo municipal popular comunicando o cambio de voceiro, indicando que don Carlos Gómez Salgado non continuará sendo voceiro e que a partir de agora o será don Ricardo Sieiro Opazo. A Sra. Secretaria indica que non foi posible incluír na orde do día do presente pleno a dación de conta deste escrito do grupo municipal popular por terse o pleno convocado anteriormente á presentación do escrito. En calquera caso, sendo que o anterior voceiro titular don Carlos Gómez Salgado reconece no escrito presentado polo seu grupo que non desexa continuar asumindo a función de voceiro, e que todos os membros do grupo popular incluído el mesmo asinaron a designación de novo vocerío de don Ricardo Sieiro Opazo, quen ademais anteriormente figuraba como voceiro suplente de don Carlos Gómez Salgado, a criterio desta secretaría non hai obstáculo de legalidade a que neste plenario actúe don Ricardo Sieiro Opazo como voceiro.

Expediente 2068/2019. Transferencia de Crédito nº 3/2019:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda, do día 23/04/2019, do seguinte teor literal:***

"(...) Vista a *Proposta da Alcaldía*, de data 16/04/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Visto que este Concello formalizou un contrato administrativo para a prestación do servizo de axuda no fogar, contrato que se asinou por precios unitarios en función das horas de traballo prestadas sen haber un compromiso de gasto mínimo para o Concello, establecéndose sen embargo un gasto máximo anual,

Visto que debido a extensa lista de espera é preciso ampliar as horas de servizo ata acadar o gasto máximo anual, sendo preciso polo tanto realizar a oportuna modificación de crédito,

Visto informe favorable do Departamento de Intervención de data 16/04/2019,

PROPOÑO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 3/2019, coa modalidade de Transferencia de créditos Entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Aplicación á que se transfire o crédito:

Aplicación 231. 27799

IMPORTE 78.175,94 €

2. ° FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito nos seguintes termos:

Aplicacións das que se transfire o crédito:

Aplicación 155 609000

IMPORTE 45.706,85 €

Aplicación 171 22799

IMPORTE 32.469,09 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Se o Ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que devandito Ditame se adecuará á Lexislación aplicable.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente. (...)"

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (7+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (3), a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 3/2019, coa modalidade de Transferencia de créditos Entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Aplicación á que se transfire o crédito:

Aplicación 231. 27799

IMPORTE 78.175,94 €

2. ° FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito nos seguintes termos:

Aplicacións das que se transfire o crédito:

Aplicación 155 609000

IMPORTE 45.706,85 €

Aplicación 171 22799

IMPORTE 32.469,09 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. (...)"

O Sr. Alcalde da paso á **quenda de intervencións.**

O **Sr Alcalde** propón debater conxuntamente os puntos 3 e 4 da orde do día e votar despois por separado cada punto, sendo a proposta aceptada por unanimidade do plenario

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** quere lembrar respecto ó pago que hai que realizar ó Consorcio que o seu grupo municipal considerou sempre que o servizo debería se asumido polo Xunta de Galicia, o cal permitiría aforrar estes custos. Remata a súa intervención anunciando a abstención nos puntos 3 e 4 da orde do día.

O **Sr Manuel Pérez Campos** quere en primeiro lugar felicitar ós gañadores das eleccións. A continuación anuncia a abstención neste punto pois xa nun primeiro momento o seu grupo municipal non estivo de acordo no modelo de xestión porque parece que o que se quere é privatizar todo, se ben pese non estar de acordo co modelo de xestión considera que hai pagar as débedas.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** agradece as felicitacións que recibiu polo resultado das eleccións. Comeza a súa intervención dicindo que o primeiro punto a tratar consiste nun suplemento de 78.000 euros para financiar o servizo axuda no fogar. Manifesta que se ben está de acordo con que as persoas deben ir antes que a inversión, o grupo de goberno podería ter empregado remanente de tesourería para obter ó crédito a transferir.



Concello de Xinzo de Limia

Engade que o servizo tivo que ser privatizado debido o elevado número de persoas en lista de agarda polo que ó seu criterio o grupo municipal popular non debería seguir gobernando o Concello. Continúa a súa intervención dicindo con respecto ó suplemento para financiar a débeda co Consorcio e coa procuradora, que este tipo de modificacións son legais, se ben non defende o modelo de xestión do Consorcio, senón que considera que se debería ter un modelo de xestión pública e eficaz, engadindo que ás veces en caso de urxencia acoden antes os bombeiros do parque de Carballiño e citando como exemplo desta pouca eficacia o caso do Incendio de Pescanova. Remata a súa intervención manifestando que independentemente de que o seu grupo votaría a favor con gusto porque as débedas deben pagarse, ó seu criterio o grupo de goberno xa sabía antes de rematar o ano anterior que tiña que facer fronte a estes gastos, polo que considera que o grupo de goberno actúa como “polo sen cabeza” e polo tanto anuncia abstención.

O **Sr Ricardo Sieiro Opazo** indica que se trata de débedas que se deben pagar e que non é o momento de discutir o xeito de xestión, se trata simplemente de aprobar un expediente económico.

Finalmente a proposta de acordo resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), e dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), adoitándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 3/2019, coa modalidade de Transferencia de créditos Entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Aplicación á que se transfire o crédito:

Aplicación 231. 27799

IMPORTE 78.175,94 €

2. ° FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito nos seguintes termos:

Aplicacións das que se transfire o crédito:

Aplicación 155 609000

IMPORTE 45.706,85 €

Aplicación 171 22799

IMPORTE 32.469,09 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.



Concello de Xinzo de Limia

Expediente 2126/2019. Suplemento para REC:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda***, do día 23/04/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o Sr. Presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a súa urxencia por unanimidade.

Motívase a urxencia por mor de facer fronte aos pagos a provedores.

Vista a Proposta da Alcaldía, de data 23/04/2019, do seguinte teor literal:

"(...) PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo a o remanente de tesourería efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente, de acordo ao seguinte detalle:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN 920.22799

DENOMINACIÓN Gastos diversos administración xeral

IMPORTE 61.475,88

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Conceptos de Ingresos

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN 870.00

DENOMINACIÓN Remanente de Tesorería

IMPORTE 61.475,88

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, que deberá verificarse no nivel en que este establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO Aprobar o recoñecemento dos créditos adxuntos ó presente expediente, correspondentes a exercicios anteriores, **CONDICIONADO Á APROBACIÓN DEFINITIVA**

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2019.

CUARTO. Aplicar UNHA VEZ APROBADO DEFINITIVAMENTE O SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2019, con cargo ó ORZAMENTO VIXENTE os créditos á partida 920.22799 .

Se o Ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que devandito Ditame se adecuará á Lexislación aplicable.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente. (...)"

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (7+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo a o remanente de tesouraría efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente, de acordo ao seguinte detalle:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN 920.22799

DENOMINACIÓN Gastos diversos administración xeral

IMPORTE 61.475,88

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Conceptos de Ingresos

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN 870.00

DENOMINACIÓN Remanente de Tesorería

IMPORTE 61.475,88

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, que deberá verificarse no nivel en que este establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO Aprobado o recoñecemento dos créditos adxuntos ó presente expediente, correspondentes a exercicios anteriores, **CONDICIONADO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2019.**

CUARTO. Aplicar UNHA VEZ APROBADO DEFINITIVAMENTE O SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2019, con cargo ó ORZAMENTO VIXENTE os créditos á partida 920.22799 . (...)

Visto que a proposta de alcaldía, aceptada por unanimidade, o debate sobre os puntos 3



Concello de Xinzo de Limia

e 4 da orde do día se realizou conxuntamente, non se reproduce aquí este debate que xa foi recollido no punto anterior, consignándose unicamente neste punto o resultado da votación.

Finalmente a proposta de acordo resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), e dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), adoitándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo a o remanente de tesourería efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente, de acordo ao seguinte detalle:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN 920.22799

DENOMINACIÓN Gastos diversos administración xeral

IMPORTE 61.475,88

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Conceptos de Ingresos

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN 870.00

DENOMINACIÓN Remanente de Tesorería

IMPORTE 61.475,88

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, que deberá verificarse no nivel en que este establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO Aprobar o recoñecemento dos créditos adxuntos ó presente expediente, correspondentes a exercicios anteriores, CONDICIONADO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2019.

CUARTO. Aplicar UNHA VEZ APROBADO DEFINITIVAMENTE O



Concello de Xinzo de Limia

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2019, con cargo ó ORZAMENTO VIXENTE os créditos á partida 920.22799 .

Expediente 4549/2018. Estudio de Detalle en Baronzás:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 5,
Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Infraestruturas***, do día 23/04/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a Proposta da Alcaldía de data 15/04/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Unha vez aprobado inicialmente por acordo de Xunta de Goberno Local, de data 29/10/18 o Estudo de Detalle de iniciativa privada elaborado en xuño de 2018 polo arquitecta Julia Santana Valencia, que afecta á modificación de aliñacións nunha área delimitada no solo de núcleo rural de extensión de Baronzás, deste municipio, e co que se pretende exclusivamente a modificación das aliñacións establecidas na ordenanza 13ª do PXOM de Xinzo de Limia para o Solo de Núcleo Rural de extensión: 1.-Suprímese a aliñación oficial fixada a 3,00 m. da liña de cerramento na fronte da parcela. No seu lugar, establécese un recuamento mínimo de 3,00 m. respecto da liña de cerramento. 2.-Suprímese tamén o fondo máximo edificable establecido en 14,00 m.. Non tería sentido por tratarmos dunha tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar onde non se persigue a uniformidade. 3.-Mantéñense os recuamentos esixibles a lindes laterais e posterior (3,00 m.). 4.-Non se modifican os parámetros xa establecidos de ocupación (25%) e de edificabilidade (0,6 m2/m2).

Tras someter este instrumento de planeamento a un período de información pública durante o prazo dun mes, a medio de anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 221, de data 20/11/18, e no xornal "La Región", de data 31/10/18, tras audiencia outorgada aos interesados por prazo dun mes, non foron presentadas alegacións ou reclamacións contra o mesmo.

Á vista do informe emitido polo técnico municipal de data 23/10/18, no que se conclúe que o área do estudo de detalle non ten afección sectoriais e que o estudo de detalle considérase suficiente e compatible coa normativa urbanística en vigor e tras a recepción do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 07/03/19, no que se conclúe que se informa favorablemente o documento do Estudo de Detalle para modificación de aliñacións nunha área delimitada no solo de núcleo rural de extensión de Baronzás, deste municipio aprobado inicialmente por acordo de Xunta de Goberno Local de data 29/10/18.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o informe xurídico de data 11/04/19, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle de iniciativa privada elaborado en xuño de 2018 polo arquitecta Julia Santana Valencia, que afecta á modificación de aliñacións nunha área delimitada no solo de núcleo rural de extensión de Baronzás, deste municipio, e co que se pretende exclusivamente a modificación das aliñacións establecidas na ordenanza 13ª do PXOM de Xinzo de Limia para o Solo de Núcleo Rural de extensión, aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/10/18, e que desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Xinzo de Limia, quedando extinguida a suspensión de licencias.

SEGUNDO. Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudo de Detalle no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que entre en vigor dito instrumento de planeamento.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudo de Detalle.

CUARTO. Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

aprobación do Estudo de Detalle referido, á vez que se lle dá traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

SEXTO. Notificar o presente acordo aos servizos técnicos municipais e ao Sr. Concelleiro de Urbanismo aos efectos do seu coñecemento. (...)”

Non producíndose debate ditamínase favorablemente cos votos a favor dos concelleiros do grupo de goberno (PP) (7+1 o Alcalde), dos concelleiros do grupo municipal "Xinzo Adiante" (3), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (3), e do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle de iniciativa privada elaborado en xuño de 2018 polo arquitecta Julia Santana Valencia, que afecta á modificación de aliñacións nunha área delimitada no solo de núcleo rural de extensión de Baronzás, deste municipio, e co que se pretende exclusivamente a modificación das aliñacións establecidas na ordenanza 13ª do PXOM de Xinzo de Limia para o Solo de Núcleo Rural de extensión, aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/10/18, e que desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Xinzo de Limia, quedando extinguida a suspensión de licencias.

SEGUNDO. Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudo de Detalle no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que entre en vigor dito instrumento de planeamento.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudo de Detalle.

CUARTO. Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Estudo de Detalle referido, á vez que se lle dá traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

SEXTO. Notificar o presente acordo aos servizos técnicos municipais e ao Sr. Concelleiro de Urbanismo aos efectos do seu coñecemento. (...)”

O Sr. Alcalde da paso á **quenda de intervencións**.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** manifesta que no ano 2017 se aprobou outro Estudo de detalle en Baronzás coa mesma finalidade polo que considera que a solución que se está a adoptar é parcial, xa que a poucos metros da zona onde se aprobou un estudo de detalle agora faise outro. Por estes motivos considera que sería bo plantexarse unha revisión do Plan Xeral que xa se aprobou hai 16 anos, e engade que o seu grupo procurará que se faga se chega a ter algunha responsabilidade no próximo mandato.

O **Sr Manuel Pérez Campos** comeza a súa intervención dicindo que o seu grupo xa manifestou varias veces a necesidade de modificar o Plan Xeral inda que non se lle fixo caso. Engade que está a favor de facilitar as cousas ó cidadán, se ben o que se precisa é unha modificación absoluta do plan xeral, e de feito houbo varias reunións con esta finalidade pero quedou todo no aire.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** indica que en Baronzás se fixeron dúas modificacións seguidas, que o Plan Xeral ten 16 anos e moitas carencias, de feito, algúns veciños están pagando “IBI urbana” nunha área de reparto na que non se pode edificar. Pese a isto, para non prexudicar os intereses dos veciños, anuncia a abstención.



Concello de Xinzo de Limia

O **Sr Ricardo Sieiro Opazo** manifesta que hai que modificar o planeamento neste aspecto concreto, que se trata dunha modificación da ordenanza trece que consiste simplemente en suprimir a aliñación de 3 m para establecer en cambio un recuamento mínimo de 3 m e suprimir o fondo máximo edificable.

A **Sra. Elvira Lama** pregunta quen vai asumir os custos de servizos básicos como alumeado e alcantarillado deste punto, indicando o Concelleiro de obras e portavoz do Grupo Municipal Popular que responderá por escrito.

Finalmente a proposta de acordo resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), e cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e coas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), e do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle de iniciativa privada elaborado en xuño de 2018 polo arquitecta Julia Santana Valencia, que afecta á modificación de aliñacións nunha área delimitada no solo de núcleo rural de extensión de Baronzás, deste municipio, e co que se pretende exclusivamente a modificación das aliñacións establecidas na ordenanza 13ª do PXOM de Xinzo de Limia para o Solo de Núcleo Rural de extensión, aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/10/18, e que desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Xinzo de Limia, quedando extinguida a suspensión de licencias.

SEGUNDO. Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudo de Detalle no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que entre en vigor dito instrumento de planeamento.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudo de Detalle.

CUARTO. Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Estudo de Detalle referido, á vez que se lle da traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

SEXTO. Notificar o presente acordo aos servizos técnicos municipais e ao Sr. Concelleiro de Urbanismo aos efectos do seu coñecemento.

Expediente 2064/2019. Moción do Grupo Municipal do PP para a mellora da Sanidade Pública

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente e Sanidade***, do día 23/04/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Xinzo de Limia, rexistrada de entrada neste Concello o día 15/04/2019 (nº 2019-E-RC-2348), do seguinte teor literal:

"(...) Exposición de motivos:

Na sanidade pública galega dispoñemos dos recursos necesarios para unha axeitada cobertura asistencial, se ben é evidente que a situación de "paro case 0" en medicina familiar e comunitaria, ou "paro 0" en pediatría, que afecta a todas as Comunidades Autónomas nestes momentos, representa unha grande dificultade, e imposibilita a cobertura de todas as ausencias dos titulares, aos que temos que agradecerlles o esforzo para garantir a excelente calidade asistencial que dispensamos.

É sobradamente coñecido que en Galicia, e no resto de España, existe un déficit de pediatras. España é un dos poucos países en Europa que aposta pola Pediatría en Atención Primaria, e Galicia, dentro do contexto nacional, é unha das comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, próxima ao 90%.

Non hai dúbida de que dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutive, dotada de profesionais competentes, non exenta de dificultades, como as tensións derivadas da ausencia de persoal substituto e dunha viraxe socio demográfica cara á cronicidade e á pluripatoloxía, propias do envellecemento, que fan necesaria unha evolución do modelo exitoso do que temos desfrutado ata agora.

Dende o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora dende hai anos (OPES anuais, prolongación da idade de xubilación, concurso aberto e permanente, carreira profesional, contrato de continuidade), pero é o momento de ir máis aló.

Por iso, en decembro iniciamos un proceso, o máis participativo en atención primaria, que non conta con antecedente na nosa Comunidade e posiblemente en ningunha outra.

Porque as medidas a adoptar pasan inescusablemente pola participación de todos: as Administracións públicas, os profesionais e a cidadanía, porque todos somos responsables de manter o que tanto tempo nos levou construír. Imponse o diálogo e as decisións compartidas.

Non todas as medidas corresponden á Administración Autonómica, necesitamos do Goberno Central e doutras administracións. Por isto, solicitamos ao Pleno do Concello de Xinzo de Limia instar ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, os seguintes

ACORDOS:

- Impulsar unha norma que flexibilice e axilice o procedemento de acreditación de Unidades docentes para a Formación Sanitaria Especializada que permita aumentar a oferta de prazas de formación de especialistas (Médicos de Familia e Pediatras), e axilizar, do mesmo modo, a acreditación das Unidades docentes pendentes, especialmente naquelas especialidades consideradas como deficitarias polas Comunidades Autónomas (Médicos de Familia e Pediatras).*
- Poñer en marcha a vía extraordinaria de acreditación de persoal de enfermería especialista en Enfermería Familiar e comunitaria.*
- Eliminar a taxa de reposición que se ven aplicando no ámbito das institucións sanitarias e permitir con elo a convocatoria de Ofertas Públicas de Emprego que permitan incrementar a estabilidade dos profesionais sanitarios dos Servizos de Saúde nas especialidades que sexan deficitarias (Médicos de Familia e Pediatras).*
- Modificar a normativa pola que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde para incentivar a retención de especialistas en prazas de difícil cobertura ou en especialidades deficitarias nomeadamente en Atención Primaria, establecendo un criterio homoxéneo para a catalogación destas prazas.*
- Reducir os prazos de tramitación e resolución dos expedientes de homologación de títulos de especialista extracomunitarios.*
- Poñer en marcha o Rexistro Estatal de Profesionais sanitarios para poder realizar, en base ao mesmo, os estudos de necesidades de especialistas precisos para as*

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

sucesivas convocatorias de prazas de especialistas en formación.

- *Recoñecemento dos traballadores sociais como profesionais sanitarios. (...)"*

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (7+ 1, o Alcalde), e cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), a seguinte proposta de acordo:

Instar ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, o seguinte:

- *Impulsar unha norma que flexibilice e axilice o procedemento de acreditación de Unidades docentes para a Formación Sanitaria Especializada que permita aumentar a oferta de prazas de formación de especialistas (Médicos de Familia e Pediatras), e axilizar, do mesmo modo, a acreditación das Unidades docentes pendentes, especialmente naquelas especialidades consideradas como deficitarias polas Comunidades Autónomas (Médicos de Familia e Pediatras).*
- *Poñer en marcha a vía extraordinaria de acreditación de persoal de enfermería especialista en Enfermería Familiar e comunitaria.*
- *Eliminar a taxa de reposición que se ven aplicando no ámbito das institucións sanitarias e permitir con elo a convocatoria de Ofertas Públicas de Emprego que permitan incrementar a estabilidade dos profesionais sanitarios dos Servizos de Saúde nas especialidades que sexan deficitarias (Médicos de Familia e Pediatras).*
- *Modificar a normativa pola que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde para incentivar a retención de especialistas en prazas de difícil cobertura ou en especialidades deficitarias nomeadamente en Atención Primaria, establecendo un criterio homoxéneo para a catalogación destas prazas.*
- *Reducir os prazos de tramitación e resolución dos expedientes de homologación de títulos de especialista extracomunitarios.*
- *Poñer en marcha o Rexistro Estatal de Profesionais sanitarios para poder realizar, en base ao mesmo, os estudos de necesidades de especialistas precisos para as sucesivas convocatorias de prazas de especialistas en formación.*
- *Recoñecemento dos traballadores sociais como profesionais sanitarios. (...)"*

Antes de abrir a quenda de intervencións, O Sr Alcalde procede a explicar a moción dicindo que nos próximos 5 anos en Galicia vanse xubilar o 40% dos médicos e nos próximos 15 o 80% dos médicos, todo isto como consecuencia da limitación da taxa de reposición que en España é do 100% e en Galicia do 108%. Expón que vanse xubilar 62.000 médicos nos vindeiros anos e que en Galicia aproximadamente o 55% dos médicos superan os 50 anos. Engade que isto vai supoñer un grave problema na atención primaria se non se soluciona. Manifesta que no ano 1997 a taxa de reposición foi do 100%, e se mantivo entre o 2003 e o 2008, se ben no 2009 reduciuse ó 30% e no 2010 o mesmo partido a mantivo nun 10% e posteriormente o goberno de Rajoy a mantivo do 2010 o 2014. A continuación o Sr Alcalde abre a quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde da paso á **primeira quenda de intervencións.**

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** manifesta que todos os camiños do grupo municipal popular que teñen relación coa sanidade van encamiñados a que se privatice e se poida facer negocio coa enfermidade. Indica que nos últimos 9 anos houbo redución de orzamentos, profesionais, redución demais de 700 camas e que acordouse a privatización de moitos servizos esenciais, manifestando ademais que aumentaron moito as listas oficiais de espera pese a estar maquilladas. Engade que a atención



Concello de Xinzo de Limia

primaria foi o ámbito que con máis intensidade sufriu os recortes, hoxe se destinan 188 millóns de euros menos que en 2009 estando as consecuencias a vista de todos, sendo estas a masificación de consulta, cupos desbordados, máis listas de espera. Considera que é preciso aumentar o orzamento destinado a sanidade, eliminar as listas de espera, facer un “plan de choque” en atención primaria incrementando o orzamento, incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar, mellorar os equipamentos e reducir as privatizacións. O seu grupo reclama asemade a eliminación do copago farmacéutico.

O **Sr Manuel Pérez Campos**, indica que o grupo de goberno presenta unha moción dicindo que a sanidade ten recursos para engadir a continuación que faltan pediatras, o cal é contradictorio. Continúa a súa intervención dicindo que ata agora, o grupo de goberno non se preocupou pola taxa de reposición, e que se preocupa neste momento porque xa non está no goberno. Manifesta ademais que o seu grupo municipal no pleno de 5 novembro do ano 2018 presentou unha moción sobre as carencias da sanidade pública, en concreto no municipio de Xinzo de Limia, e o portavoz do grupo popular contestou que o desabastecemento de medicamentos non competía ó Concello. Expón que se o grupo de goberno considerou no seu día que o tema de desabastecemento non compete o Concello, en coherencia deberan considerar que este tampouco lle compete. Di que o que debера facer o Concello e defender ós veciños, e que non entende a quen pretende defender o grupo de goberno.

A **Sra Elvira Lama Fernández** comeza a súa intervención dicindo que dende o ano 2011 o grupo de goberno non reclamou nada a Madrid e que agora non para de “instar” ó goberno, reclamando neste momento melloras na sanidade que ademais está transferida. Considera que incluír esta moción no último pleno é unha falta de respecto. Pregunta ó Sr Alcalde onde estaba o grupo de goberno cando se recolleron firmas para evitar que se quitara unha enfermeira de pediatría, e pregunta que pasa coa fisioterapia no centro de saúde. Considera que o Sr Alcalde coñece mellor que ninguén a situación do centro de saúde e que esta é unha moción de fábrica do PP para lavar a súa imaxe con respecto a Sanidade, o cal non van conseguir porque son os responsables da baixa ratio de enfermeiras, da privatización de probas nos hospitais públicos e de que non haxa ambulancias medicalizadas en varias áreas sanitarias da provincia. Engade que médicos e enfermeiras están a realizar moitas horas extras, as cales non cobran pero se ben obrigados a realizar igualmente pois o seu código deontolóxico impídelles deixar pacientes sen atender. Continúa a súa intervención dicindo que a sanidade galega está transferida ó Sergas e dando unha serie de datos económicos en relación as sucesivas ofertas de emprego público. No ano 2008, co bipartito, na oferta de emprego houbo 602 prazas de médico de familia e 25 de pediatría. No ano 2012, co PP, 6 de pediatría e ningunha de médico de familia. No ano 2013, 82 de médico de familia e ningún pediatra, no ano 2016, 241 de médicos de familia e 10 de pediatría, no ano 2018, 54 de médicos de familia e ningún pediatra. No ano 2018, 54 médicos de familia e 58 pediatras. En resumo, en dous anos de goberno do PSOE se ofertaron 744 prazas de medicina de familia e 97 de pediatría, e en 10 anos de goberno do PP, 567 prazas de

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

médico de familia e 109 de pediatría. Remata a súa intervención dicindo que a situación da sanidade pública Galega é culpa do PP e que hai que blindar a Sanidade na Constitución.

O **Sr Ricardo Sieiro Opazo** comeza a súa intervención dicindo que vai dar lectura a unha recopilación de datos, recóllese aquí o teor literal da intervención:

“(…) A sanidade pública sempre foi unha prioridade nos orzamentos da Xunta. Nos últimos anos os recursos sanitarios non só non diminuíron, senón que aumentaron, convertendo a Galicia na 5ª CA con maior gasto sanitario consolidado, e cunha % do PIB por enriba da media das CCAA.

O orzamento dedicado á nosa sanidade pública é MÁIS DO 40% (40,45%) DO ORZAMENTO DA XUNTA DE GALICIA. No ano 2008 era do 33,02%. A pesar do inicio da recuperación económica e dos ingresos públicos, a Xunta ten un orzamento, no ano 2019, 348M€ máis que en 2008 (gobierno bipartito).

Contamos cuns orzamentos que aumentan 127 millóns de euros en 2019, un 3,3% máis que no 2018. No ano 2019 dedicaremos á sanidade case 4.000M€ (3.984 M€), a cifra máis alta da historia na nosa comunidade autónoma.

Respecto da Atención Primaria, o orzamento nos capítulos de persoal e funcionamento contou, no ano 2018, con 25 M€ máis que en 2008. O que resulta moi relevante é sinalar que en receitas fomos quen de tomar medidas de eficiencia (xenéricos, compra centralizada, catálogo,...) que permitiron diminuír o orzamento dedicado a este capítulo en 128M€ con respecto ao ano 2008.

ORZAMENTO CONCERTOS PRIVADA

No referente á colaboración co sector privado, entendemos que é importante que exista un sector privado complementario ao sector público, que engada valor ao sistema sanitario no seu conxunto.

O orzamento en concertos en 2018 foi de 205,5 millóns de euros (incremento do 1% respecto do 2017), pero no ano 2008 era de 216 M€, é dicir redúcense os orzamentos dedicados a concertos en 11 M€.

Polo tanto as derivacións aos centros privados diminuíron ou mantivéronse respecto das que había no bipartito.

BARÓMETRO SANITARIO

Desde hai 16 anos, nunca antes que agora os galegos valoraron mellor a Sanidade Pública.

ACTIVIDADE. LISTAS DE ESPERA

Desde 2009 a sanidade pública en Galicia mellorou os seus servizos todos os anos, e hoxe chega con máis prestacións e máis axilidade.

- *Máximo histórico en intervencións cirúrxicas. Case 210.000 en 2018, é dicir, 34.000 máis que no ano 2008.*

Máximo histórico en consultas:

- *en hospitais (4,5 millóns, 15,8% máis).*
- *e en atención primaria (26,6 millóns, un 3% máis).*

Máximo histórico de transplantes, 354 o pasado ano. Un 32,6% máis que en 2008.

Alta capacidade de resolución de Atención Primaria: no 94,32% dos pacientes que



Concello de Xinzo de Limia

acoden a Atención Primaria non hai necesidade de derivación a unha consulta do hospital.

Nos PACs resólvense as urxencias que acoden no 92% dos casos, sen necesidade de derivar ás urxencias hospitalarias.

Menores esperas desde que hai rexistros, porque respecto a 2008 hoxe agárdase 20,7 días menos para unha cirurxía moi grave, 7,9 días menos con carácter xeral e 18,4 días menos para unha consulta.

Estas cifras poñen de manifesto que o sistema sanitario mantén un altísimo nivel de prestacións e calidade, e que non houbo ningún recorte nestas prestacións.

MÁIS DEREITOS: LEI DE GARANTÍAS. DECRETO DE TEMPOS MÁXIMOS

Hoxe os galegos teñen garantidos por lei prazos de espera máximos, unha posibilidade da que desde 2017 xa se beneficiaron máis de 43.000 persoas. E todas elas dentro da sanidade pública, malia que dixeron que se fixera para favorecer á sanidade privada. Velaí outra mentira máis.

Igualmente, hoxe teñen o dereito de elección de médico, pediatra ou persoal de enfermería, así como de centro hospitalario por un novo problema de saúde, opción que elixiron libremente máis de 311.000 galegos.

Hoxe teñen o dereito a unha segunda opinión máis áxil, e xa a teñen solicitada máis de 1.200 persoas.

Hoxe teñen máis vías rápidas que nunca para a atención de determinados cancros (mama, colon, pulmón próstata, vexiga, melanoma e cabeza e colon), o que nos permite acadar un tempo medio de derivación desde a atención primaria ata o especialista de menos de quince días. No ano 2018 foi de 7,1 días e foron 16.409 os pacientes atendidos.

Hoxe teñen novos servizos de atención, mellor información e máis accesible, hai novas vacinas gratuítas para os nenos.

Hoxe hai novos medios de prevención, grazas por exemplo a un sistema de cribado semellante ao do cancro de mama para o cancro de colon, e desde este ano tamén para o cancro de cérvix.

DÉFICIT DE PROFESIONAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA EN TODAS AS CC.AA.

Hai unha falta de médicos de familia e pediatras que afecta a toda España. A situación de "paro 0" en medicina familiar e comunitaria ou pediatría, que afecta a todas as CCAA, representa unha grande dificultade, e imposibilita a cobertura de todas as ausencias (sempre que é posible cúbrese).

É sobradamente coñecido que en Galicia, e no resto de España, existe un déficit de pediatras. España é un dos poucos países en Europa que aposta pola Pediatría en Atención Primaria, e Galicia, dentro do contexto nacional, é unha das comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, cercana ao 90%.

Se temos en conta que o número de nenos en Galicia fai 20 anos era de 391.646, e nese momento había no Sergas 289 pediatras, a ratio de nenos por cada pediatra era de 1.355.

Vinte anos despois, o número de nenos diminuíu nun 20 %, quedando a cifra en 2017 en 312.243 nenos; nese tempo, os pediatras en atención primaria aumentaron nun 13%, ata os 327 pediatras, o que daría unha ratio de nenos por pediatra de 954.

Con todo, a principal medida que hai que tomar é paliar a evidente ausencia de



Concello de Xinzo de Limia

profesionais, e isto esixe a implicación do Goberno central. Por iso propoñeremos unha convocatoria de MIR extraordinaria para a Atención Primaria.

PERSOAL. OPES. ESTABILIDADE. CARREIRA PROFESIONAL.

Seguimos traballando e adoptando medidas como:

1.544 profesionais máis que no ano 2008 e con mellores condicións laborais (carreira profesional)

Convocatorias anuais de OPES. Entre 2012 e 2016 ofertamos 1.606 prazas. OPE 2017: 1.616. OPE 2018:1400 prazas. OPE 2019: 1314.

No período 2017/2020, teremos ofertada a posibilidade de estabilizarse a 5.000 persoas.

O retraso na idade de xubilación.

O 88% da plantilla estrutural do Servizo Galego de Saúde ten carácter estable. O 86% do persoal facultativo é estable. Máis en concreto, o 96% dos médicos de familia son estables mentres que os pediatras acadan o 100%.

Nos últimos anos vimos incrementando a oferta de prazas MIR; na última convocatoria realizamos a maior oferta dos últimos anos, con 404 prazas; delas 105 prazas para medicina familiar e comunitaria, 7 máis que en 2017 e 13 máis que no 2016.

Ademais solicitamos en reiteradas ocasións ao Ministerio de Sanidade o incremento das prazas que temos acreditadas para poder aumentar a oferta de pediatría de 20 a 26 prazas. Por outra parte, dos 69 médicos de familia que terminaron no 2018 o MIR, 55 están con contrato no SERGAS, polo que podemos falar dun 80%.

DEMANDAS AO MINISTERIO

